



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TRAVÉS DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO RURAL ACTIVO PARA O ANO 2026 TR351G

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é a contratación e formación dunha listaxe de agarda de bombeiros forestais, operador de maquinaria forestal móbil e peóns/peoas forestais a xornada completa, na modalidade de contrato de traballo temporal coa cláusula específica de contrato vinculado a programas de políticas activas de emprego, código 405, utilizando a oposición como sistema de selección, segundo Orde do 22 de xaneiro de 2026, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento Rural activo e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2026).

2.- DURACIÓN DO CONTRATO, SALARIO DOS/DAS TRABALLADORES/AS E FUNCIÓNS.

A modalidade do contrato será a de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos vinculados a programas de políticas activas de emprego, segundo o establecido no artigo 15.1 da Orde do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería Emprego, Comercio e Emigración.

Os contratos realizaranse a tempo completo por unha xornada equivalente ao 100% (coeficiente 1.0) cunha xornada de 37.5 horas semanais e terán unha duración de **9 meses**. Tipo de contrato: **Contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego código 405.**

OCUPACIÓN	NÚMEROS DE POSTOS	GRUPO COTIZACIÓN
Bombeiro Forestal (Prevenición)	1	5
Operador de Maquinaria Forestal Móbil (Tractorista)	1	8
Peón/Peoa Forestal	4	10

Salario bruto euros/mes, por todos os conceptos, incluída a parte proporcional da paga extra que lles corresponda, segundo Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Val do Dubra, (BOP núm. 221, do 15.11.2024).

Bombeiros forestais: 1.686,24 €
Operadores de maquinaria forestal móbil: 1.445,84 €
Peóns/Peoas forestais: 1.445,84 €

As tarefas a realizar serán:

Bombeiros Forestais: As de organización e reparto diario de tarefas aos peóns e ao operador de maquinaria forestal móbil, coordinación das cuadrillas de limpeza e roza, supervisión do uso seguro de maquinaria (rozadoiras, motoserras, etc.), control dos



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

traballos de prevención de incendios, vixilancia do cumprimento das medidas de seguridade laboral.

Segundo a orde oficial do programa, os traballos céntranse “maioritariamente, na prevención de incendios” mediante tarefas como: planificación preventiva, valorización forestal, silvicultura, limpeza de montes, xestión da biomasa.

Operador de maquinaria forestal móbil: Condución, manexo e control de maquinaria forestal móbil destinada á realización de traballos forestais, ambientais e de mantemento municipal. Execución de labores de: roza e limpeza de maleza, roza de parcelas e vías públicas, limpeza e acondicionamento de pistas forestais, mantemento de cunetas, camiños e espazos públicos, retirada, carga e transporte de restos vexetais e biomasa.

Realización de traballos preventivos de defensa contra incendios forestais: mantemento de faixas secundarias de protección, limpeza de masas forestais, eliminación de combustible vexetal, apoio ás actuacións municipais de prevención. Utilización de maquinaria e equipamentos tales como: tractor forestal, rozadoira, trituradora de biomasa, remolques e apeiros forestais, outra maquinaria adscrita ao servizo municipal.

Peóns/Peoas forestais: Realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, limpeza e repoboación nas faixas secundarias do Concello de Val do Dubra, eliminando todo tipo de vexetación herbácea, arbustiva e arbórea na franxa perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións nas aldeas do Concello de Val do Dubra.

Aquelas outras encomendadas polo xefe de persoal do concello.

3.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN.

1.- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ao emprego público, conforme aos artigos 56 e 57 do TREBEP e ao art. 52 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.

2.- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

3.- Estar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato, e, consecuentemente, ser candidatos/as previamente seleccionados/as polo Servizo Público de Emprego de Galicia, previa oferta de emprego realizada polo Concello de Val do Dubra.

4.- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opte. Acreditarase mediante unha declaración do candidato e posteriormente as persoas aspirantes seleccionadas, unha vez formalizada a contratación, deberán someterse a un recoñecemento médico laboral durante o período de proba, co fin de verificar a súa aptitude para o desempeño das funcións propias do posto.

A valoración da aptitude corresponderá ao persoal facultativo competente. No caso de



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcaí, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

declararse a non aptitude para o posto, entenderase non superado o período de proba, podendo acordarse a extinción da relación laboral consonte á normativa vixente.

5.- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas. Acreditarase mediante una declaración firmada.

6.- Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente. Acreditarase mediante unha declaración firmada.

7.- Estar en posesión do Celga 4 ou equivalente para o posto de bombeiro forestal e estar en posesión do Celga 1 ou equivalente, para os postos de operadores de maquinaria forestal móbil e peóns e peoas forestais. De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía, será obrigatoria a realización dunha proba de galego. Este exercicio será cualificado como “apto” ou “non apto” (artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia).

8.- Estar en posesión do carné de conducir B (para tódolos postos).

9.- Posuír a titulación esixida:

Bombeiros forestais: Título bacharelato, técnico, ou equivalentes

Operadores de maquinaria forestal: Non se require titulación académica (disposición adicional 7ª do EBEP).

Peóns/Peoas forestais: Non se require titulación académica (disposición adicional 7ª do EBEP).

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación.

10.- Terán preferencia, en todo caso, e valorarase a razón de **1 punto** por atoparse nalgunha das situacións que se relacionan a continuación os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, referidos no artigo 14.6 do DOG. Núm. 24, do 5 de febreiro de 2026. Esta condición acreditarase no momento de presentación da solicitude (Anexo I), tales como:

a) Persoas desempregadas que participaran en obradoiros de emprego; programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinería.

b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.

d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes de primeiro emprego



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

ou aquelas sen cualificación profesional.

e) Persoas paradas de longa duración.

f) Persoas con discapacidade.

g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.

h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

i) Persoas trans.

j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

k) Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

Os anteriores requisitos deberanse posuír con referencia ao último día de prazo de presentación das instancias e mantelos ata o día da contratación. Será nulo o nomeamento dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- Estas bases, así como os resultados das probas a efectos de notificación dos/as interesados/as, así como as citacións e emprazamentos dos mesmos, levarase a cabo a través do Taboleiro de anuncios do concello, da sede electrónica e da páxina web municipal.

2.- Para formar parte na preselección as persoas interesadas deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego como demandantes de emprego en situación de desemprego, e anotarse antes do cruzamento da oferta previsto para o 20/05/2026 no dito organismo, nas ocupacións solicitadas:

- 59321013- Traballadores de Retén de Incendios.
- 83221013- Conductor Operador de Maquinaria Forestal con Motor
- 95431028- Peóns Forestais.

O Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes, debendo remitir ao concello os candidatos correspondentes, tendo en conta que terán preferencia en todo caso os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, de ser o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, sinalados no artigo 14.6 da Orde do 22 de xaneiro de 2026, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

rural, programa Galicia Suma Talento Rural Activo e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2026), tales como:

a) Persoas desempregadas que participaran en obradoiros de emprego; programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinería.

b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.

d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes de primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.

e) Persoas paradas de longa duración.

f) Persoas con discapacidade.

g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego aos que tivesen dereito.

h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

i) Persoas trans.

j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

k) Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

3.- A admisión de candidatos ao proceso coincidirá coa preselección realizada polo Servizo Público de Emprego. Os candidatos serán notificados vía telefónica por parte do concello de que son admitidos para formar parte do proceso de selección e disporán dun prazo de **dous (2) días hábiles** para presentar a súa solicitude de participación no Rexistro Xeral do Concello: Anexo I.

4.- A instancia de solicitude de participación neste proceso selectivo, acompañarase de:

a) Fotocopia do DNI.

b) Fotocopia do carné de conducir B.

c) Declaración de cumprir os requisitos sinalados nos puntos 3, 4, 5 e 6 da cláusula terceira destas bases (Anexo I).



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

d) Para acreditar algunha das circunstancias que na Orde se establecen como criterios de preferencia, deberán presentar a documentación correspondente:

Situación de exclusión	Documentación a achegar.
Persoas desempregadas que participaran en obradoiros de emprego; programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinería.	Fotocopia do título ou do certificado de realización dos mesmos.
Mulleres e persoas menores de 30 anos e persoas maiores de 45 anos.	Fotocopia do DNI.
Menores de 30 anos sen cualificación profesional.	Currículo remitido pola oficina de emprego.
Parados de longa duración e menores de 30 anos demandantes do primeiro emprego.	Informe de Vida Laboral actualizado e Informe do Servizo Público de Emprego.
Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% oficialmente recoñecido.	Fotocopia do certificado de minusvalía expedido polo órgano competente.
Persoas trans.	Documentación acreditativa da inscrición no Rexistro Civil da rectificación da mención rexistral do sexo.
Persoa emigrante retornada.	Certificación de emigrante retornado.
Persoa estranxeira con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.	Autorización de residencia e traballo emitido pola Oficina de Estranxeiría.
Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero. Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. E o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares (ter a cargo o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores	Informe dos servizos sociais municipais.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcaí, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

incapacitadas ou menores en acollemento).

- e) Celga 4 e Celga 1 ou documento equivalente, se fora o caso.
- f) Autorización de consulta na oficina de emprego.
- g) Titulación requirida para cada posto.

Presumirase que a documentación é auténtica e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados.

No caso de detectarse falsidade documental será motivo de exclusión do proceso.

Esta documentación deberá acompañar á solicitude de participación neste proceso selectivo que os interesados presenten no rexistro de entrada.

5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a listaxe provisional de admitidos/as e de excluídos/as, indicando a causa da exclusión. A referida resolución será publicada no taboleiro de anuncios do concello e páxina web do concello (www.valdodubra.gal) concedendo, no seu caso, un prazo **dun (1) hábil** para a corrección das deficiencias sinaladas. Finalizado o prazo de corrección, o alcalde ditará resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva de admitidos/as que, no caso de non ter defectos que emendar, a listaxe provisional será considerada a todos os efectos definitiva. Na dita resolución sinalarase tamén o día, hora e lugar na que se realizará a fase de oposición do procedemento de selección e será publicada no taboleiro de anuncios e electrónico do concello e na páxina web www.valdodubra.gal.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.- O tribunal cualificador estará composto polos seguintes membros titulares:

Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.

Vogais: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía. Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía. Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.

Secretario/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.

2.- Os membros do tribunal estarán suxeitos aos supostos de abstención e recusación previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non podendo ser nomeados membros, colaboradores ou asesores do tribunal os que realizasen tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas para acceso á función pública nos cinco anos derradeiros á publicación desta



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcaí, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

convocatoria.

3.- O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, cando menos, tres dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

4.- O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes e estes limitaranse unicamente ao exercicio das súas especialidades técnicas en base, exclusivamente, ás cales colaborarán co órgano de selección.

5.- O tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do procedemento de selección, en todo o non previsto nestas bases.

6.- Todos os membros do tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría, de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria.

7.- COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS.

Os/As aspirantes serán convocados/as para o procedemento de selección en chamada única e deberán presentarse co seu DNI. A non presentación aos exercicios no momento de seren chamados/as comporta que decaen automaticamente no seu dereito a participar nas probas e quedarán excluídos/as do procedemento de selección.

Malia o anterior, nos supostos de caso fortuíto ou forza maior que impidise a presentación dos aspirantes no momento previsto, sempre que estea debidamente xustificado e así o aprecie o tribunal, poderase examinar aos aspirantes afectados por estas circunstancias, sempre que non rematase a proba correspondente ou, de rematar esta, cando non se entorpeza o desenvolvemento da convocatoria con prexuízo para o interese xeral ou de terceiros.

8.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN: DÍA, HORA E LUGAR DE REALIZACIÓN.

A selección das persoas candidatas será mediante a presentación de oferta pública de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e polo sistema de Oposición.

O proceso de selección constará dunha fase con dúas probas:

- 1º FASE DE OPOSICIÓN (Máximo 20 puntos)

- I. Proba de Galego (Só para as persoas que non acrediten o galego).
- II. Exercicio Tipo test (Máx. 10 puntos).
- III. Exercicio práctico (Máx. 10 puntos).

1º-PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (Celga 4 ou Celga 1 ou equivalente) deberán realizar unha proba que terá carácter obrigatorio e eliminatorio. O exercicio será cualificado de apto ou non apto. Quedarán exentos da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do Celga 4 e Celga 1 ou equivalente. Esta proba non formará parte da fase de oposición, sendo simplemente unha proba para determinar o cumprimento do requisito de coñecemento da lingua galega.

2º- EXERCICIO TEÓRICO.- EXERCICIO TIPO TEST (10 puntos)

Este exercicio será o primeiro en desenvolverse. Quen non se presente, será eliminado do proceso. Consistirá na realización dun exercicio tipo test formado por vinte e cinco preguntas (25) sobre o temario descrito, durante un tempo máximo de corenta minutos (40´). O test contará con tres posibles respostas, sendo tan só unha delas a correcta, as contestacións erróneas non se valorarán negativamente. A puntuación máxima é de 10 puntos. A razón de 0,40 puntos cada pregunta contestada correctamente.

Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou permiso de conducir.

2º - EXERCICIO PRÁCTICO (10 puntos)

Con carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá na realización dunha proba práctica directamente relacionada coas funcións a desenvolver no exercicio do posto de traballo. A proba está dirixida a determinar os coñecementos dos/as aspirantes sobre o posto de traballo a desenvolver, a profesionalidade e o coñecemento do medio.

O tribunal valorará a rapidez e adecuación da resposta da persoa aspirante á situación proposta, a capacidade de valoración da situación á que se enfrenta e a súa pericia no manexo da situación.

- CRITERIOS PREFERENTES.- (1 PUNTO)

Tal e como se establece no artigo 14.6 da Orde do 22 de xaneiro de 2026, as persoas que acrediten que pertencen a algún dos criterios establecidos no apartado 3.10 e así o acrediten coa súa solicitude (Anexo I) asignaráselle 1 punto como máximo, non sendo acumulables varias situacións.

O resultado final do proceso de selección, será a suma dos dous exercicios (parte teórica e parte práctica), e máis a puntuación acadada segundo a pertenza a algún criterio preferente; en caso de empate nas puntuacións resolverase tendo en conta os seguintes criterios:

- 1) Maior tempo como desempleado.
- 2) Non percibir ningún tipo de axuda por desemprego.
- 3) Maior puntuación acadada na parte da práctica na fase de oposición.

9. PUNTUACIÓN FINAL



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcaí, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

A puntuación total máxima do proceso será de 21 puntos.

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan as maiores puntuacións. Rematada a selección, o tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios e electrónico do Concello a relación dos candidatos seleccionados que obteñen a máxima puntuación no proceso, así coma os candidatos que formarán parte da listaxe de agarda segundo puntuación, de forma provisional, establecendo un prazo de **dous (2) días hábiles** tras esta publicación para efectuar calquera emenda ou alegación.

Transcorrido este prazo publicarase a listaxe definitiva e proporase á Alcaldía a contratación dos candidatos así como a aprobación da listaxe de agarda.

10.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Rematado o proceso selectivo, o tribunal cualificador elevará á Alcaldía a proposta de contratación dos/das aspirantes que obteñan as maiores puntuacións. A formalización do contrato terá lugar en canto o interesado presente a documentación pertinente:

- Tarxeta Sanitaria.
- Xustificante da conta bancaria.

Unha vez presentada esa documentación polos/as aspirantes seleccionados/as, ditarase resolución da Alcaldía na que se acordarán as oportunas contratacións e, consecuentemente, formalizarase o correspondente contrato laboral. Esta resolución publicarase na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello, o que substituirá as notificacións individuais ás persoas interesadas, conforme ao art. 45 da Lei 39/2015.

Mentres non se formalice o contrato, os aspirante propostos non terán dereito á percepción de cantidade económica algunha.

Establécese un período de proba de 15 días, conforme ao artigo 14 do Estatuto dos traballadores. Posteriormente as persoas aspirantes seleccionadas, unha vez formalizada a contratación, deberán someterse a un recoñecemento médico laboral durante o período de proba, co fin de verificar a súa aptitude para o desempeño das funcións propias do posto.

A valoración da aptitude corresponderá ao persoal facultativo competente. No caso de declararse a non aptitude para o posto, entenderase non superado o período de proba, podendo acordarse a extinción da relación laboral consonte á normativa vixente.

Transcorrido este período sen que a persoa da que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

No caso de que algunha praza quedara vacante por baixa voluntaria ou por non superar o período de proba, pasará a formalizar o contrato o seguinte candidato da listaxe de agarda con máis puntuación, previa comprobación dos requisitos esixidos ao momento de contratación.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

No non previsto nas presentes bases, será de aplicación o Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Val do Dubra, o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

As comunicacións para comparecer a ocupar un posto realizaranse telefonicamente, o que quedará acreditado no expediente a través da oportuna dilixencia asinada polo empregado público que as leve a cabo. Se no momento de ser chamado un/ha candidato/a renunciara, a dita renuncia pode considerarse por “causa xustificada” ou “non xustificada”.

Considéranse como causas xustificadas á renuncia a ocupar un posto de traballo, o que suporá non perder o seu lugar na listaxe, as seguintes: a incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico) ou estar traballando noutro sitio (acreditado mediante contrato de traballo ou declaración xurada do interesado/a).

Os/As aspirantes propostos/as achegarán, no prazo de **dous días hábiles (2 DÍAS)**, contados a partir desa última publicación, a mesma documentación presentada para participar no proceso selectivo debidamente compulsada e ademais:

- Certificado da oficina de emprego, emitido con anterioridade á sinatura do contrato, de que a persoa está inscrita na oficina como demandante non ocupada dispoñible para o emprego que, previa autorización do interesado/a, poderá ser comprobado de oficio polo Concello de Val do Dubra.

11.- RECURSOS

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

12.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Val do Dubra, con sede na Rúa Arcai nº41, onde poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaría solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación das probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou listaxe de agarda.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste concello aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de lei.

Temario Común para tódolos postos:

Parroquias e lugares do municipio.
Vías de comunicación principais.
Edificios e instalacións municipais.
Servizos municipais.
Montes e zonas forestais.
Normas básicas de funcionamento do concello.

Temario Peón/Peoa Forestal:

Ferramentas forestais: motoserra e rozadoira
Limpeza e roza de maleza
Prevenición de incendios forestais
Faixas de protección
Seguridade laboral e EPIs
Sinalización de traballos
Mantemento básico de maquinaria
Tipos de combustibles forestais
Traballos en pistas e camiños

Temario Operadores de maquinaria forestal móbil:

Manexo seguro do tractor
Trituradora e rozadoira forestal
Mantemento básico: aceite, filtros e hidráulico
Normas de circulación
Enganches e toma de forza
Prevenición de riscos laborais
Sinalización
Traballos en pendente
Estabilidade da maquinaria

Temario Bombeiro Forestal:

traballos preventivos no monte
limpeza e xestión da biomasa
seguridade laboral
maquinaria e ferramentas forestais
faixas secundarias
apoio loxístico
coñecemento do territorio



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

ANEXO I SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA O FOMENTO DO EMPREGO RURAL, PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO RURAL ACTIVO.

Peón/Peoa forestal

Operador de maquinaria forestal móbil

Bombeiro forestal

DON/

DONA
con DNI....., e con enderezo a efectos de notificacións

....., e número de teléfono, informado/a da convocatoria do procedemento selectivo para a contratación como persoal laboral temporal de Bombeiro forestal, Operador de maquinaria forestal móbil, e Peón/Peoa do Concello de Val do Dubra, manifesta:

- Que desexa participar no procedemento de selección arriba indicado, polo que SOLICITA que sexa admitida a presente solicitude e a documentación que se achega coa finalidade de participar no dito procedemento.
- Que está inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego non ocupado e con dispoñibilidade para o emprego.
- Que non padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.
- Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin está inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
- Que non está incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.
- Que posúe todos os requisitos esixidos nas bases con referencia ao último día de prazo de presentación das instancias.
- Que achega a seguinte documentación (indíquese cunha X o que proceda)
 Fotocopia do D.N.I. __
 Fotocopia do carné de conducir B. __
 Fotocopia do título Celga 4/Celga 1 ou equivalente, se é o caso. __
 Documentación acreditativa dos criterios de preferencia sinalados no punto 2 da cláusula cuarta __
 Titulación esixida para o posto __

Val do Dubra,..... de de 2026



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Telef. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

SR. ALCALDE-PRESIDENTE



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Telef. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

AUTORIZACIÓN DE CONSULTA

DON/
DONA,
con DNI....., e con enderezo a efectos de
notificacións
..... e número de teléfono, EXPÓN:

Que autoriza ao Concello de Val do Dubra a solicitar á Oficina de Emprego un informe previo a súa contratación laboral pola entidade local de estar inscrito na oficina de emprego como persoa demandante de emprego non ocupada e dispoñible para o emprego.

Val do Dubra, de de 2026

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA